

En relación a petición realizada pola "Plataforma Cívica de Catoira Salvemos a Fonte Gaiteira" para que este despacho informe sobre a situación xurídica da Aprobación definitiva da Modificación Puntual nº. 4 das Normas Subsidiarias do Concello de Catoira( coa finalidade de cualificar terreos para a nova casa consistorial, o profesional que suscribe

## INFORMA

Que sen realizar un estudio polo miúdo da citada modificación a mesma incumpre sobradamente a Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia no referente os requisitos básicos de proxecto así como a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva. O Artigo 94 do citado corpo legal regula o procedemento en caso de planearse unha modificación puntual do planeamento e establece no seu apartado 5 a necesidade de respetar a dotación públicas existentes o no seu caso sustituilas por outras, pero sempre respetando os estadares de reserva mínimos que establece a propia Lei, cabe decir que os mesmos nos foron respetados na modificación informada. Neste senso, o artigo 95 no mesmo corpo legal prohíbe de forma expresa toda modificación do planeamento que conleve a conversión o inclusión directa de solo rústico na clase de solo urbano como se pretende a citada modificación.

Igualmente o proxecto aprobado non incorpora a documentación que para estes casos resulta necesaria e imprescindible dado o alto xuro do ámbito a desenrolar, non so desde o punto de vista ambiental senón tamén desde o punto de vista paisaxístico e patrimonial. Como digo incumpre o disposto no Artigo 61 do nosa Ley Urbanística pois non se acompaña un estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico tendo en conta a proximidade do río, tampouco se inclúe un catálogo de elementos a protexer como e o caso de Capela, e finalmente resulta imprescindible a elaboración dun Estudo Arqueolóxico dada a existencia dunha ponte de orixe románico, coa posibilidade de xacementos arqueolóxicos; a propia existencia da ponte xustifica a necesidade de este estudio ademais de ter cabida no apartado i) do citado artigo 61.

O proxecto vulnera o apartado 4º de ese artigo 61, pois non se inclúe a ficha-resumo das afectación que ponderan incidir en cada un dos recursos naturais e bens a protexer, o catálogo das medidas tendentes a corrixir as posíbeis incidencias, como garantía dunha debida xustificación da implantación de novas infraestructuras e servizos urbans

Existe normativa sectorial que a modificación aprobada incumpre de cheo, da que cabe destacar o Regulamento de Planeamento Urbanístico, en canto as "Normas de Aplicación Directa" que tenden a protexer intereses artísticos, arquitectónicos entre outros. A Ley 29/85 de Augas e la Ley 9/2006 tamén vese vulnerada pola modificación pero como digo estas cuestións deberlan ser obxeto de estudio e informe máis polo miúdo.

En resumo a Aprobación definitiva da modificación puntual sobre a que versa o presente informe incumpre sobradamente o disposta na Normativa Urbanística e ademais o proxecto presentado para a súa aprobación está incompleto pois carece dos informes preceptivos das Consellerías afectadas polo ámbito e de informes propios xa citado no corpo de este informe. O tratarse dun instrumento de planeamento contra a súa aprobación definitiva cabe a posibilidade de plantexar un Recurso Contencioso-Administrativo nos termos expostos na lexislación aplicable, segundo dispón o propio artigo 61 apartado 9º.

Isto é canto informa o abaixo firmante baixo o seu criterio profesional, sen perxuízo da elaboración dun informe ampliado de tódalas cuestións plantexadas.

En Santiago de Compostela, a 15 de Outubro de 2008.

Fdo. Carlos Corredoira.

